



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE LINGUA E CULTURA GALEGAS

En Santiago de Compostela

REÚNENSE

D. José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

D.^a Mercedes Casanova Díaz, en calidade de presidenta e representante legal da Cruz Vermella Española en Galicia, con NIF Q2866001G, en nome e representación da devandita organización e no exercicio das facultades derivadas do seu cargo.

EXPOÑEN

Primeiro. Que ambas as partes consideran como referente normativo básico o Estatuto de autonomía de Galicia e mais a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega. As partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para favorecer o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais, co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Así mesmo, as partes teñen en conta o recollido na Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que pretende promover as condicións para que a participación na vida cultural sexa efectiva, inclusiva e accesible para todas as persoas e remover os obstáculos que a impidan ou dificulten, con especial atención a aquelas persoas en que concorra algún factor de risco de exclusión cultural.





Segundo. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, ostenta as competencias de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Para este efecto, e para poder actuar en todos os ámbitos sociais, ten que colaborar, na medida do posible, coas institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia.

Terceiro. Que a Cruz Vermella Española é unha institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, que desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado español exercida a través do Consello de Protección. Réxese polos convenios internacionais sobre a materia dos que España é parte e polo Real decreto 415/1996, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e conta con personalidade xurídica propia e plena capacidade para administrar e dispoñer dos seus bens para levar a cabo os seus fins sociais.

Cuarto. Que a Cruz Vermella Española ten entre os seus fins a atención ás persoas e colectivos que sofren, previndo e atenuando a dor humana, así como a promoción e colaboración en accións de solidariedade e de benestar social en xeral e de servizos asistenciais e sociais, que se dirixen especialmente aos colectivos e ás persoas con dificultades para a súa integración social. Así mesmo, desenvolve accións formativas encamiñadas á consecución dos fins mencionados.

Quinto. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Cruz Vermella Española en Galicia son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as entidades e institucións galegas na consecución dun interese e un obxectivo común, que é o de promover e fomentar o uso da lingua galega.

De acordo co exposto, ambas as partes recoñecen reciprocamente as súas competencias e manifestan a súa vontade de asinar este convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Cruz Vermella Española en Galicia para promover conxuntamente o





emprego do galego e o coñecemento da cultura galega en distintos ámbitos da poboación e en todos os contextos da sociedade, dirixíndose particularmente aos novos galegos e galegas provenientes do exterior, que ademais conforman un colectivo en risco de exclusión cultural.

O convenio prevé así un dobre obxectivo. Por unha banda, fomentar a integración e a inclusión sociocultural efectiva das persoas participantes, dado que aprender o idioma do país de acollida é esencial para integrarse con éxito, e, por outra banda, aproveitar o enorme potencial que supón a chegada de persoas de fóra de Galicia como un xeito de incrementar o número de falantes da nosa lingua.

Segunda. Obrigas da Cruz Vermella Española en Galicia

Mediante esta colaboración, e co asesoramento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Cruz Vermella Española en Galicia comprométese a realizar no ano 2026 as seguintes accións formativas:

Curso de introdución á lingua e á cultura galegas

- **Núm. de cursos:** 18
- **Duración de cada curso:** 20 horas
- **Modalidade:** Presencial
- **Núm. de persoas por curso:** Os cursos deberán ter un mínimo de 10 alumnos/as e un máximo de 20 alumnos/as.
- **Localidades onde se impartirán os cursos:**
Viveiro (1), Ribadeo (1), Sarria (1), Burela (2), Quiroga (1), A Pontenova (1), Lugo (2), Rábade (1), Monterroso (1), Castro de Rei (1), Ourense (1), Verín (1), Xinzo de Limia (1), Celanova (1), Vilagarcía de Arousa (1), A Guarda (1).
- **Obxectivos e/ou impacto esperado:**
Introdución á lingua: familiarizarse coa fonética, o alfabeto e as regras básicas de pronunciación do galego.
Vocabulario esencial: aprender palabras e expresións cotiás (saúdos, presentacións, números, días da semana etc.).
Frases básicas: construír frases sinxelas para a comunicación en situacións comúns da vida cotiá.





Comprensión oral e escrita: desenvolver a capacidade de entender mensaxes básicas en textos e conversas sinxelas.

Interacción oral: practicar diálogos básicos.

Conciencia cultural: introducir aspectos culturais e lingüísticos que axuden a contextualizar o idioma.

A través desta formación, tamén se pretende:

Competencia comunicativa inicial: mellorar a capacidade para desenvolverse en interaccións sinxelas en galego.

Maíor confianza: perder o medo a falar e a escribir en galego en contextos informais.

Sensibilización lingüística e cultural: fomentar a comprensión do valor e da presenza do galego en Galicia e noutras rexións.

Motivación para seguir aprendendo: incentivar o alumnado a profundar no estudo do idioma tras o curso.

- **Contidos:**

Nocións básicas de lingua galega (vocabulario, expresión oral e escrita).

Cultura e historia de Galicia (festas, tradicións, gastronomía, música, historia...).

Recursos prácticos para a comunicación no día a día.

- **Perfil das persoas participantes:**

Persoas maiores de 16 anos ou que os fagan no ano 2026, que desexen adquirir ou mellorar as súas competencias en lingua galega e os seus coñecementos sobre a cultura de acollida. Non se requiren coñecementos previos de galego, xa que as clases estarán adaptadas a diferentes niveis.

- **Perfil docente:**

Grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios ou as licenciaturas equivalentes aos citados graos, ou ben outras titulacións superiores xunto co Certificado de lingua galega 5 (Celga 5). Excepcionalmente, poderán impartir os cursos persoas co Certificado de lingua galega 4 ou equivalente e experiencia no ensino ou na transmisión de coñecementos lingüísticos a persoas adultas, así como habilidades comunicativas e didácticas para facilitar a aprendizaxe nunha contorna inclusiva.

- **Perfil técnico/a:**

Será responsable da xestión e coordinación do programa. Contará con formación no ámbito social e/ou educativo e experiencia na xestión de proxectos formativos. As





súas funcións incluírán a captación de participantes, a organización das sesións, a programación das accións formativas, o seguimento do desenvolvemento dos cursos e a avaliación do seu impacto. Terá experiencia no traballo con poboación migrante, así como coñecementos sobre normativa e recursos de integración sociolaboral.

- **Metodoloxía:**

Enfoque comunicativo: aprendizaxe baseada en situacións reais de comunicación.

Aprendizaxe participativa: dinámicas grupais, xogos de rol e simulacións.

Material adaptado: uso de recursos accesibles e visuais, seguindo modelos da Xunta de Galicia.

Atención á diversidade: adaptación aos distintos niveis de alfabetización e coñecemento da lingua.

- **Avaliación e seguimento:**

Avaliación continua: observación do progreso da aprendizaxe da lingua oral e escrita.

Prácticas finais: proba final de avaliación da aprendizaxe.

Diploma do curso: entrega do certificado que acredita, se é o caso, a participación con aproveitamento do alumnado.

- **Recursos e materiais:**

Curso de introdución á lingua e á cultura galegas, en formato dixital e impreso, da Secretaría Xeral da Lingua.

Manual Celga: *Aula de Galego 1*.

Fichas didácticas, audios e vídeos en galego básico.

Apoio dixital (aplicacións e webs de aprendizaxe).

Xestión dos cursos:

A Cruz Vermella Española en Galicia terá que realizar as seguintes funcións:

- Designar unha persoa coordinadora responsable do curso, así como o persoal docente, e comprobar que reúnen os requisitos correspondentes.
- Organizar material e loxisticamente os cursos.
- Difundir a actividade e darlle a oportuna publicidade.
- Realizar a xestión administrativa dos cursos.
- Seguir as directrices técnicas e pedagóxicas correspondentes na impartición dos cursos.





- Manter actualizada a información relativa aos cursos e comunicarlle calquera incidencia á Secretaría Xeral da Lingua.
- Atender os requirimentos de información realizados pola Secretaría Xeral da Lingua.
- Colaborar nas accións de avaliación e mellora do programa.
- Presentar toda a documentación requirida nos prazos establecidos. Conservar a documentación relacionada coa actividade durante o período legalmente establecido.

Terceira. Diploma do curso

O alumnado que participe con aproveitamento no curso recibirá o correspondente diploma, que emitirá a Secretaría Xeral da Lingua, e para o cal a Cruz Vermella Española en Galicia lle facilitará a esta os datos que sexan necesarios, así como outros que poidan precisarse en relación co desenvolvemento da acción formativa.

A expedición do correspondente diploma estará condicionada ao cumprimento de requisitos relativos a contidos, duración, profesorado, metodoloxía e avaliación. Correspóndelle á Secretaría Xeral da Lingua a verificación do cumprimento destes requisitos.

Cuarta. Modificación do convenio/redistribución de cantidades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas, de ser o caso, para cada unha delas, segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.





Quinta. Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de vinte e sete mil euros (27.000,00 €), con cargo á aplicación 13.02.151A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega financiará exclusivamente o custo de organización e realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes poida obter ningún tipo de lucro.

A titularidade e o uso dos resultados froito deste convenio serán comúns para as partes asinantes. A difusión dos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para calquera delas, logo do consentimento da outra.

Ademais, cómpre destacar que a actuación obxecto deste convenio de colaboración está prevista na planificación estratéxica da Secretaría Xeral da Lingua.

No anexo I desagregase a cantidade total do convenio.

Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan> (código de procedemento PR004A).

Para percibir a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Cruz Vermella Española en Galicia presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2026, a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará a xustificación dos gastos correspondentes. Esta realizarase mediante facturas, recibos de nóminas, boletíns de cotización e documento de liquidación das axudas de custo.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua e cultura galegas.
- Para o control das actividades que se prevén no convenio, no caso de que se elaboren materiais, reproducións ou publicacións relacionadas coas actuacións acordadas, entregárase un exemplar destas.
- Ficha resumo de execución do convenio, na que se indique o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como o número de persoas destinatarias ou beneficiarias coa súa





correspondente desagregación por sexos.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Antes de asinar este convenio e para o pagamento, a Cruz Vermella Española en Galicia deberá presentar:

- Un certificado de non ter ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Un certificado de atoparse ao día das obrigas sociais, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A Cruz Vermella Española en Galicia utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Cruz Vermella Española en Galicia facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega e asesoramento

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, comprométese a facilitarlle á Cruz Vermella Española en Galicia, cando sexa preciso, o apoio e o asesoramento técnico necesarios en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.





Oitava. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026. Non obstante, poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con, polo menos, un mes de antelación.

Décima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento composta por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua nomeados polo seu titular e dous representantes da Cruz Vermella Española en Galicia, que coordinará o seu desenvolvemento. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, para o que poderá estar asistida polo persoal técnico necesario.

Décimo primeira. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.





Décimo segunda. Responsabilidades das actuación

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que desenvolvan as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –directa, indirecta ou subsidiaria– polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, realizará o seguimento e a avaliación das actuacións desenvolvidas ao abeiro deste convenio, co fin de verificar o seu adecuado cumprimento, o grao de consecución dos obxectivos previstos e a incidencia efectiva das actividades realizadas na promoción, difusión e dinamización da lingua galega.

Para estes efectos, poderá solicitar á entidade colaboradora a información, documentación e indicadores que considere necesarios para avaliar o desenvolvemento das actuacións, o nivel de participación alcanzado, os resultados obtidos e o impacto das actividades no ámbito territorial ou sectorial correspondente.

Os resultados da avaliación poderán ser tidos en conta para a planificación de futuras actuacións de colaboración entre as partes e para a mellora continua das iniciativas de promoción e dinamización da lingua galega.

Décimo cuarta. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e mais o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.





Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun usuario e clave no servizo Chave365 ou cun certificado electrónico de persoa física ou xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a que acceda ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. Protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima. Administración dixital

As partes asinantes respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de





organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais.

Tamén lle será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei].

Décimo oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, así como polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle, de acordo co artigo 4 da citada lei, os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

Ambas as partes manifestan estaren de acordo co estipulado e asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua
e Xuventude

A presidenta da Cruz Vermella
Espanola en Galicia

José Carlos López Campos

Mercedes Casanova Díaz





ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO

CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO

Liñas de acción/actividades do convenio	
Actividade/acción, descrición: 18 Cursos de introdución á lingua e á cultura galegas Duración de cada curso: 20 horas Modalidade: presencial N.º de persoas por curso: 10-20 N.º de cursos: 18 Localidades: Viveiro (1), Ribadeo (1), Sarria (1), Burela (2), Quiroga (1), A Pontenova (1), Lugo (2), Rábade (1), Monterroso (1), Castro de Rei (1), Ourense (1), Verín (1), Xinzo de Limia (1), Celanova (1), Vilagarcía de Arousa (1), A Guarda (1).	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1.ª) Docencia	18.000 euros
2.ª) Materiais da actividade	6.210 euros
3.ª) Axudas de custo	1440 euros
4.ª) Xestión e coordinación	1350 euros
TOTAL	27.000 euros

